

**PLAN DE CONTINXENCIA
ANTE PECHES DE AULAS OU DO
CENTRO EDUCATIVO NO
CONTEXTO DA COVID-19**

CPR SAN MIGUEL
CURSO:2020-2021
CÓDIGO DE CENTRO: 36011348
C/ TOMÁS A. ALONSO Nº 13. 36208 VIGO
Teléfono: 986 22 13 25



Aos efectos de garantir o dereito a educación do alumnado que, como consecuencia da evolución da pandemia debe permanecer confinado nos seus fogares, debido ó peche da aula de referencia (grupo de referencia), do nivel educativo ou do centro, a Xunta de Galicia impulsa este “Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid 19”, unha folla de ruta elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

1. Obxectivo deste Plan

Proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual, que ofrece ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas semellantes ás do ensino presencial, garantindo:

- a interacción entre o alumnado e profesor, para facilitar o desenvolvemento dos contidos.
- a realización de tarefas semellantes, o mais posible, as do sistema presencial, respectando odereito ao lecer e ao descanso do alumnado.
- o seguimento e a avaliación do progreso do alumnado.

2. Ámbito de aplicación

Este plan de continxencia será de aplicación en situacóns de confinamentos parciais ou totais do alumado de FP do centro educativo.

3. Medidas previas de carácter organizativo anteriores ao peche

- Elaborar un horario para o ensino a distancia, ou “horario espello”, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais, que permitan manter o vínculo co alumnado do xeito máis eficiente posible.
- Realizar simulacóns periódicas que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Elaborar as instruccóns a seguir no caso de peche ou confinamento.
- Analizar as necesidades de dispositivos e medios informáticos, derivadas dunha hipotética situación de peche en coordinación coa Inspección Educativa.
- Poñer en marcha mecanismos de avaliación e control do alumnado.
- Identificar o profesorado que precise de formación complementaria nestas materias, quen recibirá de xeito inmediato unha formación por parte dos servizos da Rede de Formación Permanente do profesorado.

4. Medidas a adoptar no caso de peche ou confinamento

- O mesmo día do peche, a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil ou e-mail, a todas as familias do centro educativo informándolles do peche. Tamén se publicará unha nova na web do centro.



- Ademais, habilitaranse na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais, e trasladaranse orientacións ás familias, especialmente para o alumnado de menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través do e-mail.

5. Organización da actividade lectiva a distancia durante o peche ou confinamento

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado habitual, a través das ferramentas dispoñibles na plataforma “G Suite for education”. Esta plataforma dispón, entre outras, das seguintes ferramentas:
 - **Meet:** Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos, e realizar exercicios.
 - **Classroom:** Aula virtual con espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.
 - **Hangout:** Ferramenta de chat que permite a comunicación escrita coa clase en tempo real.
 - **Gmail:** Ferramenta de correo electrónico para facilitar as comunicacíons oficiais
 - **Drive:** Espazo de almacenamento de contidos.
- Esta actividade lectiva será impartida polo profesor/a desde o centro educativo ou desde o seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar este servizo.
- O profesorado e o alumnado de cada grupo deberán conectarse para impartir ou recibir a docencia virtual á hora que se establece no horario espello. Este horario será publicado coa antelación suficiente.
- As tarefas a realizar polo alumado asemellaranse o máximo posible as do sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

6. Indicacións sobre o horario espello

- O centro educativo, en coordinación co equipo docente dos distintos grupos de alumnos, elaborou un “horario espello” para a docencia a distancia, semellante ao que se desenvolve en réxime presencial. Este horario será de obrigado cumprimento para alumnos e profesores, e de referencia para as familias. Nel establecese un proceso formativo similar ao do ensino presencial, que permite avanzar nas programacións dos módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso de ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.
- Este horario respecta a carga lectiva de cada módulo e nel indícanse as sesións que, como mínimo, cada profesor se conectará co grupo clase todas as semanas, independentemente que se poidan conectar noutras sesións se fose necesario. O resto das sesións que non se dediquen a videoconferencia, dedicaranse a realizar tarefas xestionadas a través de Classroom.
- Este horario está aprobado provisionalmente pola dirección do centro, e foi remitido á Inspección Educativa para a súa supervisión e autorización definitiva.
- Este horario está incorporado ao Plan de Continxencia, comunicado ao profesorado e ao alumnado para o seu cumprimento. Tamén será informado ás familias a través do titor de cada grupo de alumnos, e publicado na páxina web do centro.



7. Formación necesaria do profesorado, para impartir a docencia virtual.

Todo o profesorado deste centro educativo recibiu xa un curso formativo sobre o uso das ferramentas da plataforma G Suite for Education. Esta formación foi realizada entre o 28 de xuño e o 6 de xullo do 2020, coa intención de implantar as mesmas no centro dende o primeiro día lectivo do curso 2020-21.

Deste xeito, tanto os alumnos/as como os profesores/as estamos a aplicar estas ferramentas no ensino presencial dende o 23 de setembro, conseguindo que todos os profesores/as e alumnos/as manexen xa adequadamente e de forma habitual as devanditas ferramentas, incluso dende teléfonos móbiles.

